



# guía

DE LECTURA



TAMBRE

ALA DELTA



O autobús  
da selva

Manuel Uhía

# A obra

Título **O autobús da selva** / Autor e ilustrador **Manuel Uhía** / ADV, 16 / 39 páxinas

## O autor

---

**Manuel Uhía** naceu en Portonovo (Pontevedra) en 1944 pero, atraído polas artes plásticas, marchou a Madrid a estudar Belas Artes e alí entrou en contacto co mundo da publicidade e do deseño gráfico. Actualmente reside en Vigo e colabora como ilustrador con numerosas editoriais galegas e foráneas, ademais de escribir contos para a infancia.

## Argumento

---

Un día a amable tartaruga Pepa atópase no seu camiño cun rato mancado, ao que axuda cargando con el no cacho ata a súa casa. A situación enléase cando o coello, a galiña, o can, o porco espiño, o león, a xirafa, o hipopótamo e os demais animais da selva acordan, sen contar co parecer da prexudicada, montar sobre Pepa e usala como medio de transporte. Ante esta situación imposta, o rato, compadecéndose da bondadosa e resignada tartaruga, evitará que os animais se aproveiten máis dela e conseguirá que a elefanta ocupe o seu posto como autobús da selva.

## Comentario

---

O autor, a modo de fábula, presenta unha historia humana por medio de dous personaxes animais que se prestan axuda: a tartaruga e o rato. O rato, aproveitándose da boa vontade da tartaruga, será causante da situación abusiva que esta sofre e que non é capaz de resolver soa, ao non saber impoñer a súa vontade nin defender os seus dereitos ante os demais animais da selva. Mais o rato, como as dúas faces dunha mesma moeda, convértese no seu salvador ao atopar a solución aos abusos que sofre a tartaruga: coñecedor dos medos da elefanta, conseguirá o seu compromiso de ser o autobús da selva e liberará a tartaruga desa ingrata tarefa.

A linguaxe sinxela e os diálogos áxiles entre os diferentes personaxes facilitan a lectura dos máis novos.

## Temas

---

- A axuda desinteresada aos demais.
- A loita contra as situacións inxustas.
- A necesidade de saber enfrontarse aos abusos.
- A capacidade de defender os dereitos propios e facerse escoitar.

## Reflexións

---


Todas as persoas na súa vida pasan por situacións difíciles en que senten que se aproveitaron delas inxustamente pola súa bondade e axuda desinteresada. Así, calquera persoa se sentirá identificada co que lle acontece á tartaruga.

O autor recolle esa situación ingrata que vive a tartaruga e que soluciona o rato, quen demostra, con humor e con argucia, que debemos contar os nosos problemas e saber pedir axuda aos demais cando o precisemos.



Imos despegar.....

1. O título do libro é *O autobús da selva*. Imaxina e debuxa un vehículo que poida andar pola selva.



2. Colorea os animais que viven na selva.





# En pleno voo

1. Busca no barullo de letras o nome dos animais que aparecen nesta historia.

rato coello galiña león marmota xabaryl xirafa hipopótamo

H	B	O	Q	Z	Ñ	X	O	Z	X	Q	B
I	U	L	C	Z	S	Ñ	V	A	H	U	V
P	Q	L	O	C	X	X	I	R	A	F	A
O	F	T	E	H	R	X	Z	U	O	P	E
P	D	A	L	Q	T	Q	L	X	V	V	C
O	F	Ñ	L	S	P	R	A	T	O	X	X
T	R	E	O	V	X	C	H	L	V	L	A
A	D	D	M	S	D	N	S	T	D	E	B
M	L	A	F	Q	H	M	M	H	G	O	A
O	M	A	R	M	O	T	A	Q	Q	N	R
A	O	P	Ñ	D	Z	H	G	F	B	L	I
X	I	D	G	A	L	I	Ñ	A	M	B	L

2. Indica en que orde os animais subiron á tartaruga.

Rato

Hipopótamo

Marmota

Coello

Xirafa

Can





Xabaryl

Galiña

León



## 1. Ordena as imaxes segundo aconteceron na historia.



## 2. Indica se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes oracións.

- a. A tartaruga Pepa non levou o rato á casa.
- b. Os animais da selva eran uns abusóns.
- c. A elefanta tiña medo do rato.
- d. O coello axudou a tartaruga.
- e. A elefanta chamábase Robusta.
- f. Os animais querían moito a Pepa.
- g. O rato foi o primeiro que subiu na tartaruga.

# Obradoiro de creatividade

1. Imaxina e escribe o que aconteceu na primeira viaxe de Robustiana como o autobús da selva.

---

---

---

---

---

---


---

---

---

---

2. Debuxa unha nova ilustración para a cuberta do libro e inventa un novo título.





# Suxestións de actividades

## Imos despegar

---

Coas propostas que aparecen baixo este epígrafe preténdese presentar o libro dun xeito lúdico que estimule a lectura.

- **A cuberta.** A partir da observación da ilustración da cuberta do libro e da lectura do título, podemos suscitar unha conversa en que os nenos traten de relacionar os animais que aparecen no debuxo co lugar onde acontece a historia, e traten de imaxinar o seu argumento, segundo o que suxire o título.
- **Viaxeiros polo mundo.** O título do libro é a escausa perfecta para preguntarlles aos nenos en que medios de transporte viaxaron e que lugares visitaron algunha vez, para que así lembren e expresen as súas impresións e o que sentiron. Tamén sería interesante contar cun mapa en que indiquen os diferentes sitios nomeados para que os nenos os localicen e os saiban situar xeograficamente.

## En pleno voo

---

Neste bloque de suxestións atoparemos actividades que podemos ir presentando na aula a medida que os nosos alumnos e alumnas lean o libro.

- **Á «caza» dos animais.** Ao longo da lectura, aparecen unha serie de animais que serven para traballar cos nenos a biodiversidade. Trataremos de que busquen información sobre eses, e outros animais, e os ecosistemas máis importantes da

Terra (selva, bosque, sabana, deserto, montaña...). Despois, coa información recollida, realizaremos un mural que colgaremos nunha parede da clase, onde colocaremos os animais da historia nos seus hábitats correspondentes e outros que vaian suxerindo os propios nenos e nenas.

- **Adiviña quen fala.** Pedirémolles aos rapaces e rapazas que escoiten atentamente os sons gravados e que identifiquen os animais que emiten eses sons.

## Aterrando

---

- **Os abusóns.** Sempre existe alguén no colexio ou no barrio que, consciente ou inconscientemente, abusa do resto das persoas. Ao longo da lectura comentaremos como os diferentes animais, para a súa comodidade, abusan da tartaruga sen ter en conta as súas peticións. É unha boa ocasión para reflexionar na clase sobre o medo a quen impón a forza e que abusa dos demais, e para facer ver que cadaquén ten os seus dereitos sempre que respecten os dereitos dos demais.
- **Quen son?** Na historia cada animal aparece cunha característica que o describe; así a tartaruga é amable, e o rato un lacazán... Pedirémolles aos nenos e nenas que escriban nun papel tres características propias e as doutro compañeiro ou compañeira, para logo lelas en alto na aula e que o resto do grupo adiviñe de quen se fala.




# Solucionario

## Imos despegar

1. Resposta libre.
2. Gorila, tigre e serpe.

## En pleno voo

1.



2. Rato (1); Hipopótamo (9); Marmota (6); Coello (2); Xirafa (8); Can (3); Xabaryl (7); Galiña (4); León (5).

## Aterrando

1. Imaxe p.11; Imaxe p.13; Imaxe p.19; Imaxe páxs.32-33; Imaxe p.38.
2. a. (F); b. (V); c. (V); d. (F); e. (F); f. (F); g. (V).

## Fragmentos especiais

—Tócame a min, que o vin primeiro! —protestou o can.

A partir daquel mal día, de bo ou mal grado, a sufrida tartaruga tivo que facer de autobús e soportar enriba do seu cacho, logo unha galiña, a continuación un león, máis tarde unha marmota, logo un xabaryl, unha xirafa...

Pepa xa se acostumara, mellor dito, xa se resignara a cargar con todo bicho e xa non protestaba, total, non lle facían caso!

(Páxs. 16-18)

—Nada de lerias, prométeme que non molestarás a Pepa. Do contrario, non penso saír desta beira.

—Ai, iso non! Non me fagas iso! Os ratos dádesme moito arrepio!

—Prometido?

—Prometido, pero é unha pena, xa estabamos afeitos... —queixouse a elefanta.

—Vaia, muller! Pois xa que che dá tanta pena quedarmos sen autobús, por que non te encargas ti diso? Quen mellor ca ti!

Poderías levarnos a todos dunha tacada, coma nos autobuses de verdade!

(Páxs. 30-34)

Queres a Guía de Lectura doutro Ala Delta?  
Solicítala en: [info@edelvives.es](mailto:info@edelvives.es)